



## **CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)

<http://avion.sedelectronica.es>

### **ORDENANZA DA TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

#### **Artigo 1º:**

Ao abeiro do previsto no artigo 58, en relación co artigo 20.3, ambos os dous da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter Público, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 da devandita Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por Ocupacións do Subsolo, Solo e Voo da Vía Pública, que se rexerá por a presente Ordenanza Fiscal.

#### **Artigo 2º:**

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais.

#### **Artigo 3º:**

Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o Artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a favor da cal se outorguen as licencias para gozar do aproveitamento especial, ou os que se beneficien deste sen solicitar a oportuna autorización. En calquera caso, haberá de tratarse de empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da poboación do Municipio, tanto cando sexan propietarias da rede que materialmente ocupa o subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais como no suposto de que utilicen redes que pertencen a un terceiro.

#### **Artigo 4º:**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias das devanditas Entidades.
3. Os administradores de persoas xurídicas que non realicen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
  - a) Cando cometa unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
  - b) Cando cometa unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
  - c) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cesamento.
4. A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e conforme ao procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5º:**

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pagamento da Taxa cando soliciten licenza para gozar dos aproveitamentos especiais necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.
2. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.



## **CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)

<http://avion.sedelectronica.es>

### **Artigo 6º:**

A base impositiva desta Taxa estará constituída polos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no Termo Municipal os suxeitos pasivos que se sinalan no artigo 3º da presente Ordenanza.

### **Artigo 7º:**

1. O importe da cota da Taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso, e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 da base impositiva establecida no artigo anterior.
2. A contía desta Taxa que puidese corresponder a Telefónica de España, S.A. estará englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, do 30 de xullo, de Tributación da Compañía Telefónica Nacional de España, modificado pola Disposición Adicional Oitava da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, comprendendo tanto a facturación de Telefónica de España, S.A. como a das súas empresas filiais.
3. Poderanse establecer convenios de colaboración con organizacións representativas dos suxeitos pasivos, ou con entidades que deban tributar por municipalidade de feitos impositivos, co fin de simplificar os procedementos de declaración, liquidación ou recadación.

### **Artigo 8º:**

1. A Taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co de concesión da licenza, se a mesma fose solicitada.
2. Cando se produza o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, a remuneración da Taxa terá lugar no momento do inicio do devandito aproveitamento.

### **Artigo 9º:**

1. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.
2. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial se estenda a varios exercicios, a remuneración da Taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, agás nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, nos que se aplicará o previsto nos apartados seguintes.
3. Cando se inicie a ocupación no primeiro semestre, aboarase en concepto de Taxa correspondente a ese exercicio a cota íntegra. Se o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.
4. Se se cesa na ocupación durante o primeiro semestre do exercicio procederá a devolución da metade da cota. Se o cesamento ten lugar no segundo semestre, non procederá devolver cantidade ningunha.

### **Artigo 10º:**

1. A Taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación.
2. Cando se subscribisen convenios con representantes dos interesados, segundo o previsto no artigo 7.3 desta Ordenanza, as declaracións de inicio do aproveitamento especial, ou das variacións dos elementos tributarios, así como o ingreso da Taxa realizaranse segundo o convenio.
3. En supostos diferentes do previsto no apartado anterior, as cantidades esixibles conforme á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.



## **CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )**

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)

<http://avion.sedelectronica.es>

4. En supostos de concesións de novos aproveitamentos, a obriga de pagamento nace no momento de solicitar a correspondente licenza. A estes efectos, xunto coa solicitude de autorización para gozar do aproveitamento especial, presentarase a correspondente autoliquidación da Taxa.
5. O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pagamento da Taxa.

### **Artigo 11º:**

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto na Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.